

Buenos Aires, 11 de Abril de 1974.

A Fernanda e Marino Dónega

A Cruña

Moi queridos amigos:

Recibimos a vosa carta de 4/111, que gostounos moito recibila. Ben sabedes da nosa estimación por vos e o que lamentamos non seades millores corresponsales. Gostounos tamén moito saber das posibilidades de ganar un pleito, unha emoción non coñecida de nós sendo tan común en Galicia. O auto vendéuse por 50.000 pesetas, pois pola súa patente era difícil a venda. Cecáis tivésemos sacado mais, moi pouco mais, si o fixésemos na mesma Fiat, pero venceuse o contrato estando nós no policlínico. De todos xeitos matinamos ~~que~~ pra xente que está poucos meses nun sitio convenlle este tipo de operación. Alédanos moito o éisito do libro de Dieste. É un gran libro feito un pouco a presión dos amigos, de nós, pra editado en Nova, unha editorial de Cuadrado e miña, unha das moitas aventuras deste tipo feita por nós, Cuadrado y eu, en Buenos Aires, que si non nos serviron pra ganhar cartos nin tempo, servíu pra exaltar a Galicia e dala a coñecer no posible no terreo intelectual neste país. Parécenos moi merecido todolos eloxios que se fagan do libro de Dieste, é un libro fundamente galego aínda redactado en castelán e non hai prosista da súa xeneración, a do 27 en Madrیده, que se lle poda comparar. Leín as notas de "La Vanguardia", "Informaciones", "A.B.C." e as dúas páxinas adicadas a él de "La Voz", onde son moi boas as notas todas. Eu sinto moito, Dónega, que non escribas mais, que non fagas mais notas pra La Voz, ou que non fagas un libro de notas literarias encol de libros e autores contemporáneos. É un tipo de libro que fai falla en Galicia, que non se fai, e que os alemáns, por exemplo, tan autores de tomos impresionantes adicados a moitos temas, fan/~~correntemente~~ correntemente, de comentarios literarios e artísticos en xeral.

En canto a Isaac parece que se decidiu a facer andar o Museo. Remitíume copia da carta que che enviou e coa que estou de acordo. Penso que debe designarse o Patronato íntegro, con dazaquito membros que propón Isaac